

Programa ERASMUS+ Información sobre a Convocatoria de mobilidade para PERSOAL SAÍNTE Proxecto: 2023-1-ES01-KA171-HED-000149967

No desenvolvemento do presente proxecto de mobilidade participan: Erasmus +, SEPIE, Consorcio CARTES 2.0 e CIFP Audiovisual de Vigo.

A Comisión Europea é a responsable última do desenvolvemento do programa Erasmus+, SEPIE é a axencia nacional que promove e executa o programa a escala nacional. CARTES é un consorcio formado polos seguintes centros de formación superior :

Escuela de arte y superior de diseño Pablo Picasso/Escuela de arte e superior de deseño Pablo Picasso
Escuela de Arte y Superior de Diseño y de Conservación y Restauración de Bienes Culturales de Burgos
Escuela de Arte y Superior de Diseño de Pamplona
Escuela de Arte y Superior de Diseño de Corella
Escuela de Arte y Superior de Diseño Mestre Mateo
Escuela Superior de Arte del Principado de Asturias
Escuela Superior De Conservación Y Restauración De Bienes Culturales De Galicia /
Escola Superior De Conservación E Restauración De Bens Culturais De Galicia
Escuela Superior Conservacion y Restauracion Bienes Culturales
Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón/
Escuela de Arte y Superior de Diseño Ramón Falcón
Escola Superior de Disseny i d'Arts Plàstiques Emprande y Gestiona 2015 S.L.
Escuela de Artes de Oviedo
EASD Antonio Faílde
Centro Integrado de Formación Profesional Imaxe e Son
CIFP Alan Turing.

1. Obxecto da convocatoria.

Convocatoria de dúas mobilidades a KOSOVO.

Segundo información recibida de CARTES: Universidade de destino: University of Pristina
Actividade: Asistencia ao Festival: Prishtina Summer University. International

Film Festival. Data: 6 – 12 xullo de 2024

2. Requisitos

A persoa solicitante estará vinculada ao CIFP Imaxe e son durante o tempo no que se realice a mobilidade e terá que estar impartindo docencia ou formar parte do equipo directivo.

3. Resultados.

As persoas seleccionadas seguirán o programa de actividades deseñado por CARTES.

As actividades máis comúns son:

- Asistencia ao Festival de cine.
- Visitas a centros formativos.
- Visitas a empresas do sector.
- Asistencia a actividades culturais.

4. Cuantía económica da mobilidade e recoñecemento de horas de actividade. A cuantía das axudas, tanto para viaxe como para manutención, son as fixadas polas institucións e organismos que xestionan e promoven o Programa Erasmus+.

Destino	Duración da mobilidade	Apoio individual	Gastos viaxe
Kosovo	7 días (5 actividade + 2 viaxe)	1260 € (180 € diarios)	360 €

O 80% da mobilidade será ingresada ao persoal beneficiario antes de iniciar a viaxe e o 20% restante será pagado á volta da estada logo de presentar os documentos xustificativos requiridos. O recoñecemento de horas de actividade está publicado no DOG do mércores 31 de agosto de 2016. Resolución de 23 de agosto de 2016, pola que se regula o recoñecemento, certificación, e rexistro na participación do profesorado en proxectos europeos como actividades de formación permanente do profesorado.

5. Axudas para necesidades especiais

O programa Erasmus+ ten por obxectivo promover a equidade e a inclusión tanto do alumnado como do profesorado. Existen vías de financiamento especial para persoas con discapacidade física ou intelectual. A información sobre este tipo de financiamento pode consultarse co coordinador de programas internacionais

As persoas solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Impreso de solicitude e plan de traballo (Anexo 1).
- Certificacións de formación en idiomas ou copia de información de idiomas de Datos persoais en expediente persoal da Xunta de Galicia.

6. Lugar e datas de entrega da documentación Lugar:

A documentación debe presentarse na Secretaría de CIFP Audiovisual de Vigo.

Datas: O prazo de entrega é do 18 a 19 de xuño ás 12:00h.

7. Baremo para a valoración dos méritos presentados.

A resolución da convocatoria será dictada pola Comisión de Coordinación Internacional. A Comisión de selección estará formada por: un membro do equipo directivo, a responsable de programas internacionais e un docente.

A selección do profesorado destas mobilidades realizarase en base aos criterios de baremo fixados polo Consorcio CARTES (puntos 1 a 4) e polo CIFA Audiovisual de Vigo (Punto 5) desta convocatoria.

Criterios:

Nº	Criterio	Puntos															
1.	Relación entre a especialización do profesorado e as materias impartidas no centro de destino. Programa de estudos na facultade de Artes en: https://uni-pr.edu/page.aspx?id=2,166	2															
2.	Liñas de traballo e de investigación afíns ao centro de destino. Programa de estudos na facultade de Artes en: https://uni-pr.edu/page.aspx?	2															
3.	Coñecemento da lingua de traballo.	2															
	<table border="1"><thead><tr><th></th><th>B1</th><th>B2</th><th>C1</th><th>C2</th></tr></thead><tbody><tr><td>Turco, romaní, bosnio y goraní</td><td>0,5</td><td>1</td><td>1,5</td><td>2</td></tr><tr><td>Inglés</td><td>0,5</td><td>1</td><td>1,5</td><td>2</td></tr></tbody></table>		B1	B2	C1	C2	Turco, romaní, bosnio y goraní	0,5	1	1,5	2	Inglés	0,5	1	1,5	2	
	B1	B2	C1	C2													
Turco, romaní, bosnio y goraní	0,5	1	1,5	2													
Inglés	0,5	1	1,5	2													
4.	Actitudes e habilidades persoais.	2															
5.	Outros criterios a seleccionar polo centro en función das súas necesidades e das características das mobilidades dispoñibles:																
5.1	Necesidades do centro: contactos previstos con empresas e Institucións	1															
5.2	Primeira participación en mobilidades	1															

Desempates:

- Antigüidade no Centro.
- Sorteio.

8. Resolución da prazas.

Temporalización das actividades previstas:

- ▶ A resolución provisional do profesorado solicitante publicárase no taboleiro de anuncios do CIFA Audiovisual de Vigo o 20 de abril de 2024.
- ▶ Poderá presentarse reclamación por escrito ao correo internacional.cifp.audiovisual.vigo@edu.xunta.gal entre o día 20 de xuño ás 12:00h.

► A resolución definitiva será publicada no taboleiro de anuncios do CIFP Audiovisual de Vigo o día 21 de xuño.

9. Renuncias

A renuncia a unha axuda de mobilidade xa adxudicada presentarase por escrito ao coordinador Erasmus da Escola no prazo de 2 días dende a resolución definitiva da convocatoria.

10. Obrigas do profesorado beneficiario.

Trámites de obrigado cumprimento do profesorado becado antes de iniciar a mobilidade:

● A persoa adxudicataria aportará todos os datos e información necesarios para xestionar a documentación requirida polo Servicio Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), utilizando para isto o aplicativo web proporcionado polo Consorcio de Artes en tempo e forma.

● Presentar a documentación necesaria para xestionar a mobilidade a coordinación internacional.

● Solicitar o seu visado cando corresponda.

● Atender as recomendacións sanitarias para viaxar ao país de destino.

● Dispor dunha póliza de seguro segundo as indicacións de CARTES.

► Trámites durante a estadía:

● A persoa adxudicataria debe comunicar a coordinación Erasmus da Escola a súa incorporación ao centro de destino.

● Solicitar ao Centro de formación ou Institución de destino a firma de documentación relativa á mobilidade .

● Asimesmo deberá comunicar á coordinación Erasmus da Escola calquera incidencia ou cambio nas datas ou no plan de mobilidade.

● Solicitar o certificado de cumprimento da estadía según modelo normalizado, con data e sinatura polo responsable de control de mobilidade da institución de destino.

A data de certificación deberá ser igual ou posterior á data de finalización da estadía. Non se admitirán certificados con data anterior á finalización do período de mobilidade..

► Trámites ao rematar a estadía:

● Entregar ao coordinador de programas internacionais o certificado de cumprimento da estadía según modelo normalizado.

● As persoas participantes deberán dar a máxima difusión ás actividades realizadas durante á súa estadía por medio das redes sociais e a páxina web da Escola, facilitando un rexistro fotográfico e unha sinopse da actividade á coordinación Erasmus.

● Solicitar o recoñecemento de horas realizadas na actividade a o Servizo de persoal da Xunta de Galicia.

● Informar nunha sesión presencial ao profesorado da das actividades realizadas e e das propostas de futuro. Marco legal O contido desta convocatoria é responsabilidade do CIFP Imaxe e son. A Comisión Europea (CE) e SEPIE non son responsables da información aquí difundida. Documentación de referencia: • Regulamento (UE) no 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 polo que se crea o programa “Erasmus+”, de educación, formación, xuventude e deporte da Unión: Publicado no Diario Oficial da Unión Europea o 20 de decembro de 2013.

- Regulamento Europeo. Programa Erasmus+ [ES]
- Guía Erasmus+ 2022: Finalmente e, segundo a Guía Erasmus + : “Esta inversión en coñecemento, habilidades e competencias beneficiará ás persoas, as institucións, as organizacións e ao conxunto da sociedade, pois contribuirá ao crecemento e a garantir a igualdade, a prosperidade e a inclusión social en Europa e fóra de ela”.

Coordinación de programas internacionais
Vigo, 18 de xuño de 2024 CIFP Audiovisual de Vigo